

DIVERSIDAD



APECTIVO - SEXUAL

**UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:
XUÑO CON ORGULLO**

FICHAS PARA TRABALLAR EN PRIMARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

ACTIVIDADE 1

Ler un conto: **TITIRITESA**


Actividade para os máis miúdos: 1º e 2º Ciclo de Primaria.

A profesora ou profesor debe preparar previamente a lectura en alto. E ademais tentar incluír ao alumnado facéndolles repetir algunhas frases ou fórmulas que eles poidan facer facilmente. Se ve que o alumnado pode ler fluidamente poden ser elas e eles mesmos quen lean cada parte da historia.

Xerardo Quintiá: Titiritesa

Ilustracións de Maurizio A. C. Quarello

Col. O. OQO Editora. Pontevedra, 2007



No reino de Trasantonte vivía a princesa Titiritesa. O que máis lle gustaba era comer terróns de azucre e enlamar-se nas pozas, cousa que facía rabiarse á súa nai, a raíña Mandolina, que soñaba con vela casada. Ela soñaba con explorar o mundo nun cabalo azul. E seu pai non soñaba nada: roncaba estomballado boca arriba. Un día que a súa nai anunciou que ía ter unha institutriz que lle aprendería maneiras de princesa, ela fuxiu de casa. Polo camiño atopou un burro sen nome. Como ela lle regalou o nome de Bufaldino, aceptou acompañala.

E chegaron ao reino de Pasadomañá. O seu rei, Godofredo, estaba chorando porque o monstro Paposete

Dumbocado raptara a su hija Wendolina. Foi no seu rescate a princesa co burro e convenceu ao monstro de que se fíxese vexetariano e liberara a princesa a cambio de lle aprender a tocar a frauta e un xersei novo. E mesmo os acompañou até o reino de Pasadomañá. Na viaxe, as dúas mozas sentiron un airiño trangalleiro que lles fixo cóxegas no pensamento. Durmiron xuntas e aquela noite soñaron que voaban no lombo de Bufaldino, que Xan Dacova, o inventor de palabras, lles regalaba a palabra que chama pola risa, Trukulutrú, e que se bicaban unha e outra vez no Soño Azul.

Cando chegaron xunto a Godofredo, díxéronlle que eran noivas e querían casar. Estando en plena cerimonia da voda, apareceu Mandolina quen, ao saber que a súa filla ía casar con outra muller, caeu sete veces sen sentido. Mais cando a princesa lle berrou á súa nai a palabra que chama pola risa, ela pegou a rir. Entón todos quedaron contentos.

E as dúas princesas marcharon á busca do Soño Azul a cabalo de Bufaldino.

ACTIVIDADE 1

Segundo se vai lendo o conto é bo ensinalles a alumnas e alumnos os debuxos de cada páxina.

Despois de ler o conto pódese facer un cuestionario oral aos alumnos e alumnas:

- Cuestionario sobre **TITIRITESA**
 - Gostáchedes do conto?
 - Como se chaman as protagonistas? Como son?
 - Quen é Bufaldino?
 - Que cousas lles pasan?
 - Que pasa cando se di Trukulutrú?
- Outras actividades sobre **TITIRITESA**

Tamén se pode dramatizar o conto na aula.



UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:

FICHAS PARA TRABALLAR EN PRIMARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

ACTIVIDADE 2

Xogo da diversidade Quen vive aquí?

¿QUIÉN VIVE AQUÍ? "El gran juego de la diversidad", Ekilikúa

QUEN VIVE AQUÍ? É un maletín cheo de xogos que fusiona o lúdico co educativo, e que nos ofrece entrar nun mundo de diversidade, co obxectivo de ensinar aos e as participantes no xogo a visión dun mundo libre de ideas preconcebidas sobre as persoas. E ademais contén unidade didáctica !!

Os xogos de QUEN VIVE AQUÍ? son un bo material de apoio na aula e tamén un bo punto de partida para traballar os seguintes temas: a integración, a convivencia, os novos modelos de familia, a interculturalidade, os roles, etc. As fichas están dispoñíbeis en galego e castelán.

A idade recomendada para estes xogos está entre os 3 e os 12 anos.

Os xogos que trae QUEN VIVE AQUÍ? son doce e teñen diferentes niveis de dificultade: Dominó, Memoria, Deducción, Puzzle xigante, Estratexia, Cartas e Dados entre outros. Algúns xogos poden practicarse en grupo ou individualmente.

Onde se pode conseguir?

<http://www.ekilikua.com/>



ACTIVIDADE 3

O círculo dos desexos

Reflexión sobre as apariencias e as diferenzas nas preferencias

Obxectivo: Reflexionar sobre as apariencias que se poderían asumir sendo diferentes seres e as preferencias tan diferentes que se teñen.

As respostas dos desexos desta actividade serán probablemente moi distintas, e así se valorará ao final da actividade e pódese comentar aos nenos e nenas, que o mesmo pasa cos afectos e o amor. Tamén se lles pode falar do lema "Tod@s somos iguais, todos somos diferentes". E que tod@s nos debemos de respectar, por iso.

Nota para o profesorado: Esta actividade relaciónase co artigo 19 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os artigos 13 e 14 da Convención dos Dereitos do Neno, polo que tamén se poden comentar estes artigos en alto despois de realizar o círculo dos desexos.

Idade: 8-12 anos.

Material necesario: Lapis e papel.

Desenvolvemento: Sentar aos nenos e nenas formando un círculo. Propoñer que cada participante escriba nun papel os seguintes desexos (pódense formar tamén pequenos grupos ou parellas).

- Se puidese ser un **animal** sería... porque...
- Se puidese ser un **paxaro** sería... porque...
- Se puidese ser un **insecto** sería... porque...
- Se puidese ser unha **árbore** sería... porque...
- Se puidese ser unha **flor** sería... porque...
- Se puidese ser un **moble** sería... porque...
- Se puidese ser un **instrumento musical** sería... porque...
- Se puidese ser un **edificio** sería... porque...
- Se puidese ser un **automóbil** sería... porque...
- Se puidese ser un **país** sería... porque...
- Se puidese ser un **xogo** sería... porque...
- Se puidese ser un **disco** sería... porque...
- Se puidese ser un **programa de televisión** sería... porque...
- Se puidese ser unha **película** sería... porque...
- Se puidese ser un **alimento** sería... porque...
- Se puidese ser unha **cor** sería... porque...
- Se puidese ser unha **rúa** sería... porque...

Ao finalizar, reflexionar sobre as seguintes cuestións:

-Houbo moitas respostas iguais?

-Cres que algunhas preferencias son mellores ca outras?

Actividade tirada de Derechos Humanos y Diversidad Afectivo-Sexual. Al derecho y al revés. Materiales para la educación en derechos humanos. De **Amnistía Internacional**